

Casa do Fidalgo

Lugar de Machuco nº1 - Bogo

27722 A Pontenova (Lugo).

Teléfono: 982 338 045

E-mail: contacto@casadofidalgo.es

Web: www.casadofidalgo.es

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno inmediato ao establecemento

- O establecemento está situado nunha zona en costa, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.
- O aparcadoiro é privado, sen prazas delimitadas nin reservadas para persoas con mobilidade reducida, situado na parte de atrás do establecemento, nun terreo con grava.

Acceso

- O percorrido para acceder á casa dende o aparcadoiro é por unha zona de grava e a continuación por un itinerario empedrado, durante aproximadamente **20 m**, onde o oco de paso menor é de máis de **2 m** de ancho e a inclinación máxima é do **15,8%**.
- Para acceder ata os cuartos, o itinerario é por unha escaleira de **5** chanzos ou ben por unha rampla empedrada de **3,5 m** de longo, **1,67 m** de ancho e unha pendente do **21,2%**. Dispón de pasamáns a **96 cm** de altura, a ambos os dous lados, e sen zócolo de protección.
- A porta é de dobre folla e mide **1 m**. Para acceder á planta -1, na que se encontra o comedor, polo exterior faise a través dunha rampla de baixada, empedrada, que segue o desnivel do terreo, paralela á rampla que accede á planta 1ª, de aproximadamente 7 m de longo, máis de **1,50 m** de ancho e unha pendente máxima de **17,6%**.
- Para acceder ao edificio dende o exterior, a porta é de dobre folla e mide **77 e 87 cm** de ancho cada unha. Ten un chanzo de baixada, posterior a esta, de **20 cm** de altura.
- Hai un edificio anexo no que está a cafetaría e os aseos comúns, cunha porta de acceso a este de **97 cm** de ancho.

Vestíbulo e recepción

- O itinerario ata recepción é sen desniveis co chan empedrado, durante aproximadamente 6 m e con ocos de paso superiores aos **3 m** de ancho.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de **1,11 m**, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas.
- Existe unha banda de paso libre de obstáculos cun ancho superior a **1,20 m**.

Cuarto Adaptado ('Acolá')

- N.º cuartos adaptados: **1**. Están na 1ª planta, á que se accede polo exterior por unha rampla xa explicada ou ben por chanzos.
- A porta de entrada do cuarto é de dobre folla e mide **63 e 35 cm** de ancho cada unha.
- No dormitorio existe un espazo libre de **1,50 m** de diámetro para facer un xiro de **360°** coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de **90 cm**.
- A cama ten unha altura de **56 cm**, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 61 cm de ancho e polo lado esquerdo por **97 cm**.
- Un aparador, que fai as veces de armario, ten tiradores de doada apertura. O andel está situado a **53 cm** de altura e o caixón a **1 m**.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é corrediza e mide **75 cm** de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1,61 m** de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de **91 cm**. O asento está a unha altura de **42 cm** e o mecanismo de descarga a **79 cm**.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado dereito a **73-89 cm** de altura.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **70 cm** de alto e **49 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1,08 m** e o resto dos accesorios do baño están a **93 cm**.

Ducha

- A ducha non dispón de espazo libre de aproximación lateral.
- O prato da ducha é antiescorregadizo e ten un chanzo de **3,5 cm** de altura.
- Ten un asento fixo á parede e abatible situado a **54 cm** de altura e cunhas dimensións de **32 cm** de ancho e **32 cm** de fondo. Dispón dun espazo de achegamento lateral polo lado dereito de **41 cm** e pola fronte de **2,30 m**.
- A ducha dispón dunha barra de apoio colocada en diagonal a unha altura de **1,10-1,32 m** de altura, a unha distancia de **39 cm**. Tamén dispón de cadeira de ducha ortopédica.
- A billa é de termóstato e require o xiro de boneco para poder accionalo e está situada a unha altura de **1,06 m** á dereita do asento.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- O percorrido para acceder á casa dende o aparcadoiro faise por unha zona con grava, no propio aparcadoiro, e a continuación por un itinerario empedrado.
- As portas de acceso son de madeira e no itinerario hai algún chanzo cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.
- Hai un felpudo sen ancorar ao chan.
- A rampla de acceso ten unha pendente do **21,2%**, cun pasamáns a **96 cm** de altura.
- Para ir dende a porta do edificio anexo ata diante da porta que vai a recepción faise por un itinerario sen desniveis co chan empedrado
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

Cuarto estándar ('Seara')

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- O prato da ducha ten un chanzo de **15 cm** e un biombo de vidro sen sinalizar.
- Tanto a porta do cuarto coma a do cuarto de baño presentan contraste cromático coa parede.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Cuarto estándar ('Seara')

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche con un sinal visual de “ocupado ou libre”, nin unha banda libre inferior que permite ver si hai alguén no seu interior.

Sinalización

- O establecemento dispón de rótulos que sinalan os nomes dos cuartos, seguindo un patrón constante, que permite o seu acercamento para a lectura.
- Os caracteres teñen un tamaño superior aos **1,5 cm** e son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcamiento	Planta 0	Accesible	Non ten plazas delimitadas e non ha ningunha indicación de reserva para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Comedor	Planta - 1	Accesible polo exterior	Mesas de 4 patas. Altura de mesa: 76 cm , Altura baixo mesa: 67 cm Ancho baixo mesa: 70 cm , Fondo baixo mesa: 90 cm Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta 0, edificio anexo	Accesible	Altura de barra: 90 cm Altura de mesa: 1,17 m , Altura baixo mesa: 1,06 m Ancho baixo mesa: 47,5 cm , Fondo baixo mesa: 32 cm Non dispoñen de carta en braille.
Sala de reunións	Planta 0	Accesible dende recepción	Se accede ao pasar a recepción, de fronte. Non hai mesas Ancho da porta: 80 cm .
Escaleiras	Todas as plantas	Accesible dende recepción e dende planta 1.	Tipo de escaleira: Interior Os chanzos están compensados e dispoñen de tabica. Ten boceis e os ocos baixo a escaleira están protexidos. Non existe zócalo de protección. Existe prolongación do pasamáns ao chegar á 1ª planta e é continuo nas mesetas.